



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 09 DE AGOSTO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00037378S.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a Acta da sesión extraordinaria e urxente de data 30 de xullo de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/577/2020.

Legalización de almacén agrícola no Lugar da Sionlla de Abaixo, 6.

Acórdase CONCEDER licenza de OBRAS para legalización de dous almacéns agrícolas no LUGAR DA SIONLLA DE ABAIXO, 6, segundo Proxecto con data de rexistro de 15/05/2020 e anexo con data de rexistro de 29/03/2021, cun orzamento de execución material de 29.100 €, baixo a dirección facultativa do proxectista.

As actuacións consistirán en obras de Reestruturación e reforma de dous almacéns agrícolas de planta baixa, cunha superficie construída de A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 21 de especial protección da paisaxe.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/264/2018.

Licenza de obra nova para construción de nave destinada a almacén e material de ferraxería na Rúa Andalucía, 7.

Acórdase CONCEDER a BOEL SEGURIDAD, S.L., licenza de OBRA NOVA para construción de nave destinada a almacén e venda de material de ferraxería na RÚA ANDALUCÍA (DE), 7, parcela L1A06c do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución co visado doo COAG de data 27/06/2018 e modificado con data de rexistro de 02/03/2021, cun orzamento de execución material de 190.369,91 €.

As actuacións consistirán na construción dunha nave de tres plantas (soto, baixa e primeira) para destinar a almacén e venda de material de ferraxería, cunha ocupación en planta de 436,89 m², superficie construída de 1.109,38 m² e altura de 9,50 metros A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 1. Edificación adosada. Variante 1A do Proxecto sectorial da Sionlla.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/623/2019.

Licenza de obras para cambio de uso de oficinas a cinco apartamentos turísticos na Rúa da Estrada, 33.

Acórdase CONCEDER licenza de obra para o cambio de uso d oficinas a 5 apartamentos turísticos na edificación en construción sita na RÚA DA ESTRADA, 33, segundo Proxecto técnico e anexo con visado do COAG de data 19/12/2019 e 11/05/2021.

As actuacións consistirán no cambio de uso de edificación de dous plantas e baixo cuberta para destinar a cinco apartamentos turísticos, cunha ocupación en planta de 105,05 m², superficie construída total de 278,80 m² (232,65 m² útiles) e unha altura máxima, incluíndo cuberta de 10,50 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 5 de vivenda unifamiliar

5. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3138.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por 7.502 euros, segundo factura de referencia F/2021/3138 (nº 06B-000123), en concepto de “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Salgueiriños, correspondente ao mes de xuño de 2021; e emitida por Coregal, Parques e Xardíns, S.L.

6. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3183.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por 5.292,74 euros, segundo factura de referencia F/2021/3183 (nº 10 2021103), en concepto de “Servizo de conservación e mantemento do Parque Municipal de Brandía, correspondente ao mes de xuño de 2021; e emitida por Aspas Emprego, S.L.

7. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: F/2021/3481.

Validación do gasto de contratos menores por razón de contía.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por 6.292 euros, segundo factura de referencia F/2021/3481, en concepto de servizo de dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde en “Senda peonil e reforzó de calzada en Paredes de Laraño”, adscrita ao Plan POS + 2019 / ADICIONAL 1/2 FASE (CON/26/2020), emitida por Consultores e Informadores Locales, S.L.

8. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: F/2021/3482.

Validación do gasto de contratos menores por razón de contía.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por 8.228 euros, segundo factura de referencia F/2021/3482, en concepto de servizo de dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde en “Rexeneracion e reforzó estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa Journet”, adscrita ao Plan POS + 2019 / ADICIONAL 1/1 FASE (CON/4/2020), emitida por Consultores e Informadores Locales, S.L.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: emenda erro F/2021/2019.

Emenda erro material punto 12 do Acordo de Xunta de Goberno na súa reunión de data 19 de xullo de 2021.

Advertido erro material e considerando que deben corrixirse eses erros observados na proposta de convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, S.A., en concepto de servizos postais, correspondentes ao mes de abril de 2021, recollido no punto 12 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xullo de 2021, nos termos seguintes:

Punto 12. Recoñecemento de débedas con validación da omisión da función interventora á Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, S.A., en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de abril de 2021, por importe de 36.874,48 euros, factura referencia F/2021/2019, acórdase:

ONDE DI:

“Factura F/2021/2019 expedida por SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A., CON CIF núm. A83052407, por un importe total de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (36.874,48 €), en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de maio de 2021”

DEBE DICIR:

“Factura F/2021/2019 expedida por SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A., CON CIF núm. A83052407, por un importe total de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (36.874,48 €), en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de abril de 2021”

ONDE DI:

“Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (36.874,48 €), segundo factura F/2021/2019 que se achega no expediente, en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de maio de 2021”. ”

DEBE DICIR:

“Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (36.874,48 €), segundo factura F/2021/2019 que se achega no expediente, en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de abril de 2021”.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/95.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Neumáticos Pájaro, S.L., en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período que abrangue do 15 de marzo ao 30 de abril do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (457,77 €), segundo relación contable de facturas S/2021/95 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/1799 por importe de 60,50 €, e remata pola número F/2021/2039 por importe de 12,10 €, todas elas en concepto de subministración de pneumáticos para o Parque Móbil do concello correspondente ao período que abrangue desde o 15 de marzo ao 30 de abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2021/1558.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Compostela Car Service, S.L., en concepto de servizo de limpeza e desinfección de vehículos do Parque Móbil Municipal correspondente ao mes de febreiro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO OITENTA E UN EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (181,50 €), segundo factura de referencia F82021/15858 que se achega no expediente, en concepto limpeza e desinfección de vehículos do Parque Móbil municipal correspondente ao mes de febreiro de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2021/1885. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sociedade Municipal Xestión Transporte Urbano de Santiago, en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e de Bombeiros correspondente ao mes de abril de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (6.624,29 €), segundo factura F/2021/1885 que se achega no expediente, en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e Bombeiros correspondente ao mes de abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora Geroslud. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas expedidas por Gerosalud, S.L., en concepto de servizo alleo de prevención de riscos laborais, medicina do traballo, hixiene industrial e apoio ao Servizo de Prevención, correspondentes aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZ MIL CATROCIENTOS CINCO EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (10.405,62 €), segundo as facturas que se achegan no expediente con números de referencia F/2021/821, F/2021/1372 e F/2021/1849, cada unha delas por importe de 3.468,54 €, en concepto servizo alleo de prevención de riscos laborais, medicina do traballo, hixiene industrial e apoio ao servizo de prevención correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2021.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: emenda erro S/2021/59.

Emenda de erro material do punto 26 do acordo da Xunta de Goberno na súa reunión de data 12 de xullo de 2021.

Advertido erro material e considerando que debe corrixirse ese erro observado no título da convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e maio do ano 2021 do punto 26 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2021, nos termos seguintes:

Punto 26. Recoñecemento de débedas con validación da omisión da función interventora a varios provedores en concepto de subministración de gas natural e gasóleo, por importe de 15.216,71 euros, relación contable S/2021/59. Acórdase:

ONDE DI:

“EXPEDIENTE: CONVALIDACIÓN F/2021/2019

PROCEDIMENTO:

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e maio do ano 2021.”

DEBE DICIR:

“EXPEDIENTE: CONVALIDACIÓN S/2021/59

PROCEDEMENTO:

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a diferentes períodos entre novembro de 2020 e maio do ano 2021.”

15. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00036998A.

Desestimación da solicitude de renovación de posto de venda ambulante.

Acórdase desestimar a solicitude de renovación de autorización para o exercizo da venda ambulante no lugar da Ponte Vella de Arriba en Vidán realizada por unha particular o 2/07/2021, dado que non concorren os requisitos legal e reglamentariamente establecidos para o outorgamento da autorización de venda ambulante.

16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00037213B.

Desestimación de autorización de venda ambulante na Rúa Fonseca.

Acórdase desestimar a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na Rúa Fonseca esquina Raíña presentada por un particular ao non estar ese emprazamento entre os definidos pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela para o exercizo da venda ambulante no seu acordo de 11 de maio de 2021.

17. DEPORTES. Referencia: 2021/00036711S.

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2021/22.

Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2021/22.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021686D.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, de data 30/07/2021, para o financiamento do: “PROGRAMA DE CAPTACIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ÁS INSTITUCIÓNS ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 30/07/2021 para o financiamento do: “PROGRAMA DE CAPTACIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ÁS INSTITUCIÓNS ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, por unha contía de 5.000 euros.

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00026687L.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL, de data 02/08/2021, para o financiamento do programa: “ÁGORA”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL de data 02/08/2021 para o financiamento do programa: “ÁGORA”, por unha contía de 5.000 euros.

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020000W.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, de data 30/07/2021, para o financiamento do programa: “QUENDA DE LETRADOS/AS ESPECIALIZADOS/AS EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 30/07/2021 para o financiamento do programa: “QUENDA DE LETRADOS/AS ESPECIALIZADOS/AS EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL”, por unha contía de 2.000 euros.

21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019234H.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS, de data 30/07/2021, para o financiamento do programa: “RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PADECEN UNHA ENFERMIDADE MENTAL”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS de data 30/07/2021 para o financiamento do programa: “RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PADECEN UNHA ENFERMIDADE MENTAL”, por unha contía de 3.500 euros.

22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020816J.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM), de data 02/08/2021, para o financiamento do programa: “REHABILITACIÓN FISIOTERAPÉUTICA”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM) de data 02/08/2021 para o financiamento do programa: “REHABILITACIÓN FISIOTERAPÉUTICA”, por unha contía de 9.000 euros.

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021147E.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN PARA LA LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), de data 30/07/2021, para o financiamento do programa: “ALCER 7 VIDAS. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN PARA LA LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) de data 30/07/2021 para o financiamento do programa: “ALCER 7 VIDAS. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS”, por unha contía de 4.000 euros.

24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020001A.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e SAÚDE MENTAL-FEAFES GALICIA, de data 28/07/2021, para o financiamento do “PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL CRÓNICA E PERSOAS SEN FOGAR OU EN GRAVE RISCO DE EXCLUSIÓN”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e SAÚDE MENTAL-FEAFES GALICIA de data 28/07/2021 para o financiamento do “PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL CRÓNICA E PERSOAS SEN FOGAR OU EN GRAVE RISCO DE EXCLUSIÓN”, por unha contía de 60.000 euros.

25. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020507A.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES, de data 28/07/2021, para o financiamento do programa: “TRATAMENTO PSICOTERAPÉUTICO PARA AS FAMILIAS CON FILLOS/AS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS”

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES de data 28/07/2021 para o financiamento do programa: “TRATAMENTO PSICOTERAPÉUTICO PARA AS FAMILIAS CON FILLOS/AS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS”, por unha contía de 3.000 euros.

26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020510Y.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO, de data 28/07/2021, para o financiamento do “PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA E INTEGRACIÓN NO TEMPO LIBRE “UN LUGAR PARA TI””.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO de data 28/07/2021 para o financiamento do “PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA E INTEGRACIÓN NO TEMPO LIBRE “UN LUGAR PARA TI”, por unha contía de 5.000 euros.

27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020500L.

Dar conta da sinatura do Convenio para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN ASPANAES para o programa: “INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN, VALORACIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS”.

Dase conta da sinatura do Convenio en data 28/07/2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (T.E.A.) DA PROVINCIA DE A CORUÑA (ASPANAES)- para o programa: “INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN, VALORACIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS”, por unha contía de 3.000 euros.

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021680A.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA, de data 28/07/2021, para o financiamento do programa: “PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: ESTO É VIDA”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA de data 28/07/2021 para o financiamento do programa: “PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: ESTO É VIDA”, por unha contía de 10.000 euros.

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021123K.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, en data 28/07/2021, para o financiamento dos programas: “1. ATENCIÓN PRIMARIA DE CÁRITAS INTERPARROQUIAL e 2. PROGRAMA DE VIVENDAS DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA “ALARES” “.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO en data 28/07/2021 para o financiamento dos programas: “1. ATENCIÓN PRIMARIA DE CÁRITAS INTERPARROQUIAL e 2. PROGRAMA DE VIVENDAS DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA “ALARES”, por unha contía de 120.000 euros.

30. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00022656J.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL “SARELA”, de data 02/08/2021, para o financiamento do: “PROGRAMA TERAPIA ACUÁTICA/FÍSICA”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL “SARELA” de data 02/08/2021 para o financiamento do: “PROGRAMA TERAPIA ACUÁTICA/FÍSICA”, por unha contía de 3.000 euros.

31. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021142V.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, de data 30/07/2021, para o financiamento do: “PROGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO. CURSO 20-21 (21).

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, de data 30/07/2021, para o financiamento do: “PROGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO. CURSO 20-21 (21), por unha contía de 23.000 euros.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00037078Z.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 216/2019 CA2.

Dase conta da sentenza nº 284/2021

Obxecto: desestimación do recurso polo que se ordena a execución forzosa da derruba do peche situado en espazo privado de cesión para viario, e imposición de multas coercitivas.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Neste PO aparecen como codemandados, compartindo posición procesual co Concello, a Consellería de medio ambiente da Xunta de Galicia, e o denunciante particular.

A demandante executou en espazo da súa propiedade, lindeiro a viario público e dentro da aliñación para cesión obrigatoria, unha terraza. Ao tratarse de obras sen licenza e ilegalizables, o Concello ordenou a súa derruba, que non foi completamente executada logo das dúas visitas da policía urbanística; razón pola que foron impostas dúas multas coercitivas.

A resolución que puxo fin ao expediente de reposición non foi recorrido, polo que a citada declaración é acto firme e consentido. O recurso tiña por obxecto a discusión sobre a correcta ou non execución da orde, e as conseguintes multas

Acórdase tomar coñecemento da sentenza, agardar pola súa firmeza e, en caso de recurso, formalizar oposición ao mesmo; así como remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00037185Y.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 95/2019 CA1.

Dase conta da sentenza nº 222/2021

Recorrente: MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA ,S.L.

(MARCONSA S.L.)

Obxeto: Recurso contencioso-administrativo sobre impugnación de desestimación presunta de xuros de demora, intereses legais e custos de cobro por demora no aboamento de certificacións de obra derivadas do contrato denominado “*Modificado e mellora da seguridade vial na Rúa Cañoteira do Plan DTC-93 adicional1/2014, 2ª fase*” .

Contía reclamada: 5.913,47 euros

A sentenza é parcialmente favorable aos intereses municipais.

A Maxistrada acolle a petición de aboamento dos intereses de demora na cantidade que se acredite en execución de sentenza, cun máximo de 5.793,47 euros, de conformidade cos criterios sinalados no fundamento de dereito segundo. Con respecto aos custos de cobro considera que só procede incluír unha cantidade única de 40 euros, dado que a reclamación é única e global para todas as certificacións.

Finalmente estima tamén a pretensión da recorrente de aboamento dos intereses sobre os intereses de demora ou *anatocismo*.

Recursos: Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Custas: Sen imposición de custas.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza e que se lle dea traslado aos departamentos municipais de Contratación e Intervención para os efectos do seu cumprimento.

URXENCIAS

34. Proposta da concelleira delegada de benestar animal relativa a convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L. por importe de 8.155,39 euros, en concepto do servizo de lacería correspondente o período entre o 1 e o 31 de maio de 2021

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente ao mes de maio do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de oito mil cento cincuenta e cinco con trinta e nove euros (8.155,39 €) a favor de ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L. imputándose á aplicación orzamentaria 2021 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos de contrato vencido, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

35. Dación de contas do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA (PROGRAMA SEMUS).

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e CRUZ ROJA ESPAÑOLA de data 03/08/2021 para o financiamento do programa: “SEMUS COMPOSTELA (SERVICIO MUNICIPAL DE URXENCIAS SOCIAIS)”, por unha contía de 100.000 euros.

36. Dación de contas do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 04/08/2021 para o financiamento do programa: “SERVICIO DE INTERPRETACIÓN DE LINGUA DE SIGNOS E GUÍA INTÉRPRETE DE PERSOAS XORDOCEGAS”, por unha contía de 10.000 euros.